

## Programa do Entroido 2014 - Homenaxe a Tonio o Barbeiro

### **XOVES, 27 DE FEBREIRO: Xoves de Comadres e Compadres**

21.00 h Concentración nas portas da Casa do Concello para saír cara aos restaurantes.

22.00 h Ceas das Comadres e Compadres. As reservas faranse nos propios restaurantes.

### **VENRES, 28 DE FEBREIRO: Gran Marcha infantil**

17.00 h Concentración diante do CEIP Rosalía de Castro para saír cara á Praza de Arriba, onde poderán pasar unha tarde de lecer con animación musical, xogos e obradoiros de globoflexia e maquillaxe. (En caso de mal tempo, trasladarase ao pavillón do CEIP Rosalía de Castro. En caso de obras na Praza de Arriba, farase no Corgo). En colaboración coa Concellería de Educación.

22.00 h Cea Venres da Desculpa no restaurante Rúa Vella, organizada polo consorcio de empresas "Lo que tú digas, cariño".

22.00 h Cea Venres de *Jarana* en restaurante Casa Campaña. (Non organiza o Concello.)

### **SÁBADO, 1 DE MARZO: Concurso de Comparsas**

20.30 h Saída de diante da Casa do Concello cara ao pavillón das comparsas que o desexen.

21.00 h Comezo do Festival de Comparsas Concello do Grove 2014 no pavillón dos deportes. 5.400 euros en 10 premios. Premio á mellor comparsa do mundo.

Venda de entradas no mesmo pavillón: pola mañá, de 11.30 a 13.30 h; pola tarde, a partir das 16.30 h. Prezo: 3 euros.

### **DOMINGO, 2 DE MARZO: Festival Infantil de disfraces**

17.00 h No pavillón de deportes Monte da Vila. Discoteca móbil con Javi Solla, lambonadas e moita troula para que a xente miúda viva o Entroido a tope! Gratuito.

### **LUNS, 3 DE MARZO: Festivals infantís e *guateques***

17.00 h Celebración de festas infantís en clubs deportivos e discotecas.

21.30 h *Guateques* e festas de disfraces para maiores en pubs e discotecas. (Organizan os propios establecementos.)

### **MARTES, 4 DE MARZO: Gran Marcha do Entroido Meco**

15.30 h Inscripción dos disfraces nas portas da Casa do Concello (obrigatoria para optar ao premio).

16.30 h Concentración dos disfraces na Praza do Corgo.

17.00 h Inicio do desfile polo *Sambódromo* Meco: praza do Corgo, Beiramar, Luis Casais, Castelao, Rúa da Praza, Praza de Arriba e praza do Corgo de novo. (Para optar a premio é obrigatorio dar dúas voltas ao percorrido, despois xa se pode ir pola rúa Luís Seoane). Máis de 3.000 euros en premios. Aumento dos premios e redistribución destes e premio á mellor animación (poden participar comparsas).

### **VENRES, 7 DE MARZO: Gran Enterro de dona Sardiña Meca**

Instalación da capela ardente na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey

20.00 h Gran comitiva fúnebre para a condución da finada desde a casa da cultura, pasando polas rúas do Grove ata, finalmente, a explanada do Corgo, onde será incinerada a defunta.

### **SÁBADO, 8 DE MARZO: Concentración de choqueiros en San Vicente**

De 16.30 h ata as 20.00 h No lugar da Area, San Vicente do Grove, actuacións das comparsas e queima do vimbio. Organiza Roza do Pedrol.

22.00 h Cea Sábado de Xareo, no Hotel Louxo. (Non organiza o Concello.)

### **DOMINGO, 9 DE MARZO: Comparsas en San Vicente**

12.30 h Na Casa da Cultura Ángel Vázquez Hereder, San Vicente do Grove, recital de comparsas. Organiza Roza do Pedrol.

Máis información no programa de man.